

PEZA DESTACADA

A PEZA

Colección de láminas de Historia de España publicadas pola editorial Calleja ca. 1890. Integrada actualmente nos fondos do Museo Pedagógico de Galicia, a colección procede do CEIP José María Lage (Ortigueira).

No seu formato orixinal de imprenta a colección estaría integrada por dez grandes litografías nas que se dispuñan 120 viñetas: unha de apertura, co título da colección, e a continuación 119 con estampas de contido histórico. Cada unha destas últimas ilustraba un acontecemento histórico e aparecía acompañada dun título descritivo do representado.

No exemplar pertencente aos fondos do Museo Pedagógico de Galicia, estas litografías están montadas sobre pranchas de cartón adoptando un formato de menor tamaño: en grupos de catro viñetas e a dobre cara.

Colección de láminas “Historia de España”

Madrid, ca. 1890

Ed. Calleja



Así mesmo, cada cartón atópase preparado para poder ser pendurado, unha disposición vinculada ao seu uso nun contexto escolar, permitindo un manexo sinxelo das láminas así como a súa presentación penduradas en parede ou en atril.

A orde na que se suceden as viñetas responde a un criterio estritamente

cronolóxico, abarcando no seu conxunto case trinta séculos de historia. Así, a primeira delas amosa a fundación de Cádiz polos fenicios (século XI a.C.) mentres a última achega un acontecemento case coetáneo á publicación da colección: a morte de Alfonso XII (1885).

As ilustracións, de J. Palacios, foron executadas mediante técnica cromolitográfica, un tipo de estampaxe empregado especialmente na segunda metade do XIX e consistente na aplicación de impresións sucesivas en diferentes cores. Os resultados obtidos conseguían uns efectos pictóricos que se aproximaban aos da pintura ao óleo.

No iconográfico a maioría das cromolitografías desta colección reproducen obras destacadas de pintura histórica. Exemplo disto poden ser a estampa nº 95, na que se reproduce o fragmento central da *La rendición de Breda* (Diego de Velázquez, 1635) ou a nº 78, que fai o mesmo con *Primer desembarco de Cristóbal Colón en América* (Dióscoro Puebla, 1862). Noutras ocasións o modelo orixinal pode sufrir certas modificacións como acontece na estampa nº 94, que leva por título “Expulsión de los moriscos”. Neste caso

caso o artista toma como modelo *Los suplicantes. La expulsión de los gitanos* (Edwin Longsdon Lon, 1872), replicando con bastante fidelidade a composición, o marco arquitectónico e a posicións das personaxes pero modificando estes últimos na súa caracterización (roupas, cor de pel...) para adaptalo así á temática que aquí quere representar.



Lámina 95: "Rendición de Breda"



Lámina 94: "Expulsión de los moriscos"

A EDITORIAL CALLEJA

A editorial Calleja nace en Madrid en 1876 e estende a súa actividade ata 1958, acadando unha gran popularidade ao longo deses 82 anos de historia.

Nun contexto no que as taxas de analfabetismo en España superaban o 60%, as publicacións saídas desta editorial foron principalmente materiais pedagóxicos e títulos de literatura infantil que pretenderon axudar nesa deficiente alfabetización mediante a creación de textos modernos e atractivos. Este enfoque e especialización temática derivaba do pensamento e dos intereses do propio fundador da editorial, Saturnino Calleja, quen ao longo de toda a súa vida amosou unha constante inqueda pola situación da educación en España e a súa mellora como vía para o progreso do país. A súa achega dende a editorial consistiu, por unha banda, en actualizar os datos e o estilo de libros e manuais escolares, moitas veces elaborándoos el mesmo, modernizando os ata entón atrasados materiais didácticos e publicacións infantís. Neste aspecto foi fundamental o papel protagonista que pasaron a ter ás ilustracións, para as que chegou a seleccionar como ar-

tistas a debuxantes de primeiro nivel, dando así unha proxección intuitiva aos textos.

Pero sen dúbida outro dos motivos fundamentais do seu éxito foi a aplicación dunha estratexia comercial baseada na redución de prezos para favorecer o incremento das publicacións e vendas: "Vender mucho y barato, y tener alientos y espíritu expansivo para exponer capital". Por primeira vez, especialmente no caso da literatura infantil, aparecían títulos atractivos e de calidade a prezos para tódolos petos o que permitiu unha gran difusión dos mesmos.

O traballo da editorial agrupábase en tres seccións: "Cuentos y Bibliotecas para niños", "Obras pedagógicas de primera enseñanza" e "Material de escuelas". É nesa terceira sección na que se atopaba a produción de láminas como a colección de *Historia de España* pero tamén outros materiais de apoio dirixidos aos mestres e escolas: material administrativo para as escolas, mapas históricos e xeográficos, atlas, abecedarios, métodos de caligrafía, encerados, medallas escolares, etc.



AS LÁMINAS E O ENSINO DA HISTORIA

O uso de láminas didácticas coma as desta colección introdúcese nas aulas a mediados do século XIX auspiciado polos principios da pedagogía intuitiva. Trátase dun tipo de materiais que non só constituíron un apoio á aprendizaxe do alumnado senón que pasaron a ser elementos decorativos das paredes das aulas sendo a forma escollida polas escolas que contaban con máis recursos para dar aparencia de modernidade e riqueza.

En concreto as láminas de historia non chegaron a ter unha gran divulgación, en contraposición a coleccións moito mais estendidas entre os centros escolares como as de Historia Sagrada. Por unha banda, a diversidade de coleccións publicadas con esta temática foi reducida, sendo a máis empregada nas aulas a de Calleja, e o seu prezo elevado, o que explica o limitado da súa difusión. Isto reforza ao mesmo tempo ese valor simbólico e en certo modo de ostentación que a colección adquiría nos centros que contaban con ela entre os seus materiais didácticos.

No referente aos contidos históricos que integraban este tipo de coleccións, en xeral enlazan cos aceptados pola historiografía conservadora do século XIX. Cabe destacar como as escenas escollidas e a súa representación buscaban un enfoque non tanto destinado a crear unha conciencia histórica senón a reforzar valores morais e relixiosos, converténdose nunha fonte de transmisión de bos exemplos de virtude. Para isto moitas das estampas apelan nas súas representacións ás emocións predominando entre as escenas as imaxes de reis de tódolos períodos (a meirande parte representados no momento da súa morte) así como as de individuos e acontecementos relacionados coa defensa ante inimigos exteriores que ameazaran o territorio ou as crenzas relixiosas.



BIBLIOGRAFÍA

VV. AA. (2002) *La Editorial Calleja, un agente de modernización educativa en la Restauración*. UNED Ediciones.

CALLEJA FERNÁNDEZ, S. (1901). *Explicación de las láminas de Historia de España publicadas por Saturnino Calleja*. Ed. L. Aguado.

CASTRO FUSTES, E. CEPEDA FANDIÑO, A. (2013) *A pedagogía intuitiva. As láminas educativas*. Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e O.U.

CEPEDA FANDIÑO, A. (2021) *Santiago. Peregrinación, cidade, escola*. Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

DEL POZO ANDRÉS, M. (2013) "Nacionalismo, globalización y cultura escolar: láminas murales para la enseñanza de la historia (1860-1939)." *Revista Mexicana de Historia de la Educación*, vol. 1, num. 1.

DÍAZ SÁNCHEZ, P. (2014) "Los cuentos de Calleja y su influencia en la literatura infantil española: instruir deleitando" *Arenal: revista de historia de las mujeres*. Vol. 21, n.º 2.

MOLINA GÓMEZ, J.A. (1996) "Cómo enseñar historia a finales del siglo XIX en España. El epistolario de I. Ramón Miró" *Panta Rei*, Vol. 2.

RUIZ BERRIO, J.. (12 de xaneiro de 2024) *Saturnino Calleja Fernández*. Diccionario Biográfico. Real Academia de Historia. <https://dbe.rah.es/biografias/9895/saturnino-calleja-fernandez>

Texto e fotografías: Laura Rodríguez Castelos (Área de Didáctica)